



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

Non se tratou este punto da orde do día.

### **3º.- Toma de coñecemento da Resolución de Alcaldía núm. 227/2021, do 15 de febreiro, de suspensión parcial e compensación á entidade "O Espertar Servizos Sociais, S.L." por prestación do servizo de axuda no fogar**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados da Resolución de Alcaldía núm. 227/2021, do 15 de febreiro, que se transcribe literalmente a continuación:

"Con data do 19 de setembro de 2016, asinouse coa licitadora Natalia Vázquez Rodríguez (hoxe, "O Espertar Servizos Sociais, S.L.", un contrato para a xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo de axuda no fogar no Concello de Cambre, cun prazo de execución de dous anos desde a data da súa sinatura en documento administrativo. (Expediente: 2016/C006/000002).

Con data do 18 de setembro de 2018, o Sr. Alcalde ditou a Resolución nº 1845/2018, pola que se acorda a continuidade da empresa "O Espertar Servizos Sociais, S.L.", na execución do contrato suscrito con data do 19

de setembro de 2016 para a xestión mediante a modalidade de concerto, do servizo público de axuda a domicilio do Concello de Cambre (exp. 2016/C006/000002), sen modificar as condicións do mesmo, e ata que comece a execución dun novo contrato que se adxudique trala tramitación do preceptivo expediente de contratación, que se atopaba en fase de preparación, isto motivado en razóns de interese público que impiden interromper a prestación de atención a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual, e tendo en conta que o servizo de axuda no fogar constitúe un servizo social comunitario básico, segundo o definen a Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, e mailo Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Desde entón, e transcorridos máis de dous anos dende a resolución de referencia, o servizo veuse prestando pola empresa "O Espertar, Servizos Sociais, S.L.", sen contrato.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, supuxo a adopción de diferentes medidas polas administracións estatal, autonómica e local, para tratar de conter a propagación da enfermidade.

Entre esas medidas incluíuse a suspensión total ou parcial da execución de contratos en vigor cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo.

Con data do 18 de maio de 2020 rexistrouse ao núm. 999/946 un escrito presentado pola empresa "O Espertar Servizos Sociais, S.L.", no que indica que achega documentación acreditativa do mantemento do persoal destinado ao servizo, indicando que pola empresa se atendeu con absoluta normalidade e eficiencia a prestación do servizo durante o mes de marzo.

Achega a este escrito a seguinte documentación:

- Relación nominal de traballadores/as
- Recibo de liquidación de cotizacións á Seguridade Social
- Nóminas dos traballadores/as

Do contido do escrito e documentación anexa, dedúcese que a empresa solicita ser indemnizada polos gastos soportados durante o estado de alarma, en concreto entre os meses de marzo e maio, que é cando presenta a súa solicitude.

Con data do 30 de outubro de 2020 emítese informe pola coordinadora de Servizos Sociais municipal, responsable do contrato, do que se deduce que desde o día 12 de marzo de 2020 ata o mes de agosto incluídos produciuse unha suspensión parcial do servizo, xa que se indica no informe que:

"(...)

*Así, o 12 de marzo, nas oficinas do departamento de servizos sociais, reúnense a traballadora social municipal, responsable técnica do SAF e os coordinadores da Empresa "O Espertar", acordando suspender inicialmente os servizos nos que teñan no seu proxecto de intervención coma tarefa principal, as tarefas domésticas, **resultando unha totalidade de 16 persoas usuarias que deixan de atenderse dende o 13 de marzo.***

*Asemade, elaborase nesa mesma reunión, un listado de persoas usuarias que contan cunha rede de apoio familiar e poderían suspenderse tamén os servizos, propoñendo a suspensión a partires do día 16 de marzo (15 persoas usuarias suspendidas temporalmente e 9 parcialmente debido ás súas necesidades individuais).*

O 14 de marzo (sábado), comunicánnos da Empresa, que nun domicilio existe un familiar dunha persoa usuaria con positivo da COVID-19, polo que ás outras persoas usuarias das auxiliares que foron a éste domicilio, se lles notifica e se lles suspende o servizo pola tarde, por prevención.

Tras conversas telefónicas ao longo da tarde do día 14 entre a miña persoa, a técnica responsable do SAF e a coordinadora da Empresa, coa aprobación do Sr. Alcalde e a concelleira delegada de Benestar social, suspéndense temporalmente todos os servizos dende o día 15 de marzo, ata facer unha valoración detallada individual de cada caso.

Dende o día 17 ao 31 de marzo, fóronse reiniciando servizos, **resultando a 31 de marzo unha totalidade de 34 persoas usuarias atendidas.**

(...)

**Durante o mes de abril** foron reanudándose servizos, unha vez que a Empresa adquiriu máis materiais de protección para todo o persoal.

Atenderónse a 28 persoas usuarias pola modalidade de SAF por libre concorrència e a unha destas persoas, se lle prestou servizo en hora festiva pola súa situación de vulnerabilidade.

Foron atendidas 48 persoas usuarias pola modalidade de SAF por dependencia.

Continuaron en suspensión 27 persoas usuarias de SAF por libre concorrència e 28 persoas usuarias de SAF por dependencia.

**Durante o mes de maio** atenderónse a 44 persoas usuarias pola modalidade de SAF por libre concorrència e 68 persoas usuarias pola modalidade de SAF por dependencia.

Continuaron en suspensión 8 persoas usuarias de SAF por libre concorrència e 10 persoas usuarias de SAF por dependencia, por vontade propia.

**Durante o mes de xuño** atenderónse a 43 persoas usuarias pola modalidade de SAF por libre concorrència e 70 persoas usuarias pola modalidade de SAF por Dependencia.

Continuaron en suspensión 7 persoas usuarias de SAF Básico e 7 persoas usuarias de SAF Dependencia, por vontade propia.

**Durante o mes de xullo** atenderónse a 47 persoas usuarias pola modalidade de SAF por libre concorrència e 72 persoas usuarias pola modalidade de SAF por Dependencia.

Continuaron en suspensión 1 persoa usuaria de SAF Básico e 5 persoas usuarias de SAF Dependencia, pola súa vontade.

**Durante o mes de agosto** reanudáronse todos os servizos de axuda no fogar pola modalidade da Dependencia e por libre concorrència continuou en suspensión unha soa persoa usuaria.”

A entidade adjudicataria deste contrato achegou a documentación citada anteriormente, para acreditar os gastos que efectivamente lle supón esta situación, cuxa análise e verificación está pendente de realizar e concretar polo Departamento de Servizos Sociais, á vista do tempo efectivo de suspensión, ou do momento de aboamento da indemnización correspondente, no seu caso.

Con data 23 de decembro de 2020 emítense informe pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, no que, tras analizar os antecedentes e lexislación aplicable, fórmulase proposta de acordos a adoptar.

Con data do 8 de febreiro de 2021 emítase informe nº 26/2021 polo interventor da Corporación, no que, entre outros aspectos, indícase que:

*«Atopámonos ante un contrato de execución flexible, que se factura por horas de prestación, as cales dependen das altas e baixas, ou suspensións do servizo, posibilidade esta, prevista na ordenanza, polo que deberá analizarse á hora de determinar a indemnización, que suspensión non se encadran nun funcionamento ordinario do servizo.*

(...)

*Non asistiría a empresa o dereito á indemnización da totalidade dos gastos salariais nos que incorre a empresa pola “suspensión parcial” se as variacións se consideran as habituais na prestación ordinaria do servizo, xa que o estado de alarma non pode servir para a modificación das condicións de prestación do contrato, aínda que se execute en precario. Tal e como establece o artigo 32.1 e 34.1 da Lei 40/2015, só serán indemnizables as lesións producidas ao particular provenientes de danos que este non teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei. Aspecto este que ha de ser informado pola no órgano xestor, a concellería de Benestar social, informe a día de hoxe que non consta no expediente.*

(...)

*O servizo só se suspendeu por orde do concello no mes de marzo de 2020. Unha vez adquiridos os equipos de protección adecuados pola empresa, o servizo continuou prestándose, sendo a suspensión producida nos meses seguintes, unha “suspensión voluntaria do servizo” dos usuarios non da Administración.*

*A valoración desa suspensión responde ao funcionamento ordinario do servizo de axuda no fogar e en que medida se considera unha execución anormal do servizo, que deba de ser indemnizado, ha de ser informada polos servizos sociais, xestores do SAF.*

(...)

**TERCEIRO.-** (...) *No presente caso, por prestarse o contrato en precario, a indemnización á empresa debe levarse a cabo a través do procedemento de responsabilidade patrimonial da administración, en virtude do disposto no artigo 32 e 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), e unha vez acreditados e cuantificados os danos polo interesado segundo o establecido no artigo 67.2 do citado texto normativo “Además de lo previsto en el artículo 66, en la solicitud que realicen los interesados se deberán especificar las lesiones producidas, la presunta relación de causalidad entre éstas y el funcionamiento del servicio público, la evaluación económica de la responsabilidad patrimonial, si fuera posible, el momento en que la lesión efectivamente se produjo, e irá acompañada de cuantas alegaciones, documentos e informaciones se estimen oportunos y de la proposición de prueba, concretando los medios de que pretenda valerse el reclamante.”*

Tendo en conta que o recoñecemento da indemnización o é con base no instituto da responsabilidade patrimonial da administración, materia que quedou residenciada nesta Alcaldía, tal e como se deriva das Resolucións núm. 1314/20219 e núm. 1323/2019, do 1 de xullo, respecto da creación de áreas e delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros e concelleiras,  
**RESOLVO:**

**Primeiro:** Recoñecer á empresa “O Espertar Servizos Sociais, S.L.” o dereito a reclamar do Concello de Cambre unha indemnización ao ter quedado acreditado que ata o 14 de marzo de 2020 veu prestando, sen contrato, o servizo de axuda a domicilio no Concello de Cambre, servizo que segue a prestar na actualidade e que deixou de prestar parcialmente como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Todo isto motivado na prohibición da contratación verbal por parte das entidades do sector público, contida no art. 37.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e na institución da responsabilidade

patrimonial, artigo 106.2 da Constitución Española e nos artigos 32 e 67 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Segundo:** Requiritur á empresa para que acredite a realidade, efectividade e contía de todos os gastos ocasionados durante a suspensión parcial do servizo, cumprindo co establecido no art. 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público segundo o cal *“Ademais do previsto no artigo 66, na solicitude que realicen os interesados deberanse especificar as lesións producidas, a presunta relación de causalidade entre estas e o funcionamento do servizo público, a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, se for posible, e o momento en que a lesión efectivamente se produciu, e irá acompañada de cantas alegacións, documentos e informacións se consideren oportunos e da proposición de proba, concretando os medios de que pretenda valerse o reclamante.”*

A empresa deberá acreditar, ademais, que está ao corrente das súas obrigas laborais e sociais, e tendo en conta que non asistiría á empresa o dereito de indemnización da totalidade dos gastos salariais nos que incorre pola suspensión parcial se as variacións se consideran as habituais na prestación ordinaria do servizo, xa que o estado de alarma non pode servir para a modificación das condicións de prestación do contrato, aínda que se execute en precario.

A empresa deberá cuantificar a indemnización que solicite, debendo achegar documentos que acrediten de forma fidedigna a realidade, efectividade e contía de todos os gastos ocasionados, achegando cando menos o seguinte:

1.- Calendarios de traballo do ano 2020

Informe de datos de cotización da Seguridade social (IDC) da empresa

Respecto de cada traballador, copia do contrato, nóminas e xustificantes de abono da mesma e da seguridade social correspondente.

Relación de substitucións necesarias para o mantemento do servizo

2.- Copia das facturas dos elementos de protección persoal (EPIS) adquiridos e xustificantes de aboamento dos gastos soportados

Todo isto sen prexuízo de que a Intervención municipal poida solicitarlle as aclaracións correspondentes respecto da información que conste nos documentos que achegue, ou mesmo a documentación complementaria que estime precisa.

Xustificados os gastos, efectuarase un único aboamento polo importe total da indemnización.

**Terceiro:** Notificar á empresa adxudicataria, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Cuarto:** Notificar á coordinadora de Servizos Sociais municipal-responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención municipal, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

**Quinto:** Déase conta á Xunta de Goberno Local, na seguinte sesión que teña lugar, para o seu coñecemento."

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 12 ao día 18 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 192/2021 e remata coa resolución do concelleiro delegad0 da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 242/2021, segundo se relaciona a seguir:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
192/2021	12-02-2021	Resolución de recurso de alzada concurso graduado social
193/2021	12-02-2021	Concesión provisional das subvencións PEL Reactiva
194/2021	12-02-2021	Alegacións trámite información pública modificado nº 1. Via Artabra, treito N-VI-AP-9, fase I, enlace N-VI estrada AC-221
195/2021	12-02-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 18 de febreiro de 2021
196/2021	12-02-2021	Corrección erros materiais Resolución nº 1855 /2020 de data 01/12/2020, respecto do contrato de subministración de prendas e materiais deportivos para os funcionarios da Concellería de Cultura, xuventude e Deportes
197/2021	12-02-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de febreiro de 2021
198/2021	12-02-2021	Contrato menor Programa de apoio terapéutico e rehabilitador das secuelas orixinadas pola COVID19 para persoas vulnerables ou en risco de selo
199/2021	12-02-2021	Contrato menor para instalación dun autocine e proxección da película María Solinha. Campaña polo día internacional da muller 2021
200/2021	12-02-2021	Contrato menor de servizos realización certamen audiovisual "Rodando en igualdad" a través de la plataforma Tik Tok
201/2021	12-02-2021	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en O Rocón, Cambre sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: JABGI e MLBG
202/2021	12-02-2021	Licenza de parcelación de finca sita en Sobreguexe - Cecebre de 2.943 m <sup>2</sup> en tres parcelas de 1.253 m <sup>2</sup> , 800 m <sup>2</sup> , 789 e 101 m <sup>2</sup>



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

203/2021	12-02-2021	Declaración de ruína de edificación sita en Os Coruxos, San Lourenzo. Propiedade: MVFC e MFC
204/2021	12-02-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras de substitución dun poste da rede de telecomunicación, sen título habilitante en Castrobo, Anceis), TdeE S.A.
205/2021	12-02-2021	Concesión axuda recibo de luz por importe de 45,64 euros e de gas por importe de 17,86 euros a ADCM
206/2021	13-02-2021	Incorporación de remanentes do exercicio 2020 no exercicio 2021. expt 3/2021
207/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 1/2020. Requirimento para a retirada do vehículo opel astra C-7312-BL
208/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 2/2020. Requirimento para a retirada do vehículo renault megane C-6807-BT
209/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 3/2020. Requirimento para a retirada do vehículo citroen jumper C-9678-BW
210/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 4/2020. Requirimento para a retirada do vehículo renault laguna C-8349-CD
211/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 5/2020. Requirimento para a retirada do vehículo seat ibiza 3099BTY
212/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 6/2020. Requirimento para a retirada do vehículo ford mondeo 7557CCP
213/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 7/2020. Requirimento para a retirada do vehículo fiat scudo 3485CLD
214/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 8/2020. Requirimento para a retirada do vehículo peugeot 205 C-8903-AU
215/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 9/2020. Requirimento para retirada do vehículo volkswagen golf C-7357-AX
216/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 10/2020. Requirimento para a retirada do vehículo renault megane 7777FMY
217/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 11/2020. Requirimento para a retirada do vehículo saab 93 9371FVF
218/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 12/2020. Requirimento para retirada do vehículo volkswagen passat 8535GGG
219/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 13/2020. Requirimento para retirada do vehículo hyundai i30 3751JJX
220/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 14/2020. Requirimento para retirada do vehículo citroen zx A2352CJ
221/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 15/2020. Requirimento para retirada do vehículo audi a4 M5611XT
222/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 16/2020. Requirimento para retirada do vehículo pegaso C-7881-AY
223/2021	15-02-2021	Expediente vehículo abandonado 17/2020. Requirimento para retirada do vehículo peugeot 206 4841BYZ
224/2021	15-02-2021	Estimación alegacións expediente sancionador tráfico
225/2021	15-02-2021	Autorización apertura urna perimetral número 134, letra B, para inhumar o cadáver de dona MPD o vindeiro 19 de decembro 2020.
226/2021	15-02-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a RT por



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
227/2021	15-02-2021	Suspensión parcial e compensación á entidade "O Espertar Servizos Sociais, S.L." por prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre
228/2021	12-02-2021	Desestimación recurso de reposición interposto por dona ARR ante resolución de denagación da subvención ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas, Programa Consolida Cambre 2020
229/2021	15-02-2021	Expediente sancionador por incumprimento de horario de peche do establecemento denominado Boulevard de los Sueños sito en O Temple, Cambre
230/2021	15-02-2021	Reposición legalidade urbanística pola existencia dunha unidade exterior do sistema de climatización na fachada da vivenda sia en Amil, Cambre. Propiedade: NLG e JJCM
231/2021	15-02-2021	Reposición legalidade urbanística pola existencia de diversas edificacións e unha estrutura de formigón construídas en finca sita en lugar de Corgo, 27 C, Brexo. Propiedade: BGL e MdelCVL
232/2021	15-02-2021	Expediente sancionador polo uso de camiños públicos municipais de Cambre para levar a cabo unha tala nunha parcela de Culleredo por FML
233/2021	15-02-2021	Licenza de prórroga para finalización da construción de vivenda unifamiliar en Xira, nº 3, Sigrás. Solicitante: JJBG
234/2021	15-02-2021	Licenza de remodelación e ampliación de vivenda unifamiliar en lugar San Paio. Propiedade: JCC
235/2021	15-02-2021	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xaneiro de 2021 e o seu pagamento
236/2021	15-02-2021	Contrato menor servizo de mantemento céspede artificial campos de fútbol municipais
237/2021	15-02-2021	Delegar na concelleira dona Lúa Sanguñedo Álvarez para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de YCQG e JJVM
238/2021	17-02-2021	Incorporación de remanentes 4 /2021
239/2021	17-02-2021	Aprobación lista provisional concurso bibliotecarios-arquiveiros
240/2021	18-02-2021	Arranxo cristal roto no CEIP Plurilingüe Graxal
241/2021	18-02-2021	Denegación axuda emerxencia social alimentos por non quedar acreditada a situación de necesidade. Solicitante: JMSM
242/2021	18-02-2021	Subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021



A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, da Deputación Provincial da Coruña. Expediente : 2020/C003/000007

- Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña. Expediente : 2020/C003/000003

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, da Deputación Provincial da Coruña. Expediente : 2020/C003/000007**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 21/02/2019 elabórase polo enxeñeiro de Camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, o proxecto denominado “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Ancéis. Supervisado”, cun orzamento base de licitación de 51.046,44 € sen IVE, 61.766,19 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 25 de novembro de 2019 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 16 de decembro de 2019. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Complementario do ano 2020 da Deputación Provincial da Coruña. Con data do 27 de maio de 2020 acordouse polo Pleno do Concello de Cambre participar no POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, da Deputación Provincial da Coruña, solicitando a aplicación da achega provincial asignada, entre outras, á presente obra.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2020 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles”, no marco das súas Bases reguladoras modificadas aprobadas mediante acordo plenario do 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP núm. 66, do 5 de maio de 2020.

Mediante Resolución da Presidencia núm. 24870 do 24 de agosto de 2020, considerouse definitivamente aprobado o plan.

Segundo consta na “Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles”, de data de agosto de 2020, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de

cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Cómpre ter en conta que a Deputación Provincial da Coruña aprobou novos pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e simplifícadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 27 de novembro de 2020, publicados no BOP núm. 207, do 3 de decembro de 2020.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Mellora dos parques infantís de Andeiro e Ancéis. Supervisado	61.766,19 €	0,00 €	61.766,19 €

Consta a acta de replanteo asinada polo enxeñeiro de Camiños municipal con data 14 de setembro de 2020.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 11/02/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 171.61900, por importe de 61.766,19 euros.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 28 de agosto de 2020, modificado posteriormente con data 10 de febreiro de 2021 polo enxeñeiro de Camiños-Xefe da sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, de acordo co novo Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 27 de novembro de 2020 (BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020).

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de febreiro de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da Secretaria e o Interventor municipais con data do 19 de febreiro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende mellorar os parques infantís de Andeiro e Anceis, na actualidade pavimentados con árido ou corteza de piño, pavimento que será substituído por caucho continuo, ademais de restaurarse os elementos de xogo existentes e colocarse novos xogos e novo mobiliario, polo que o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril,

reguladora das bases de réxime local, ("o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d)... outros equipamentos da súa titularidade"), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C003/000007, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración : oferta económica), correspondente a:

- Obxecto do contrato: "Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis. Supervisado", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, da Deputación Provincial da Coruña
- Orzamento base de licitación: 61.766,19 euros IVE incluído
- Valor estimado: 56.151,08 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto): 4 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** De conformidade co establecido na Base 13.5 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles", da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 66 do 05/05/2020, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020 (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 61.766,19 € por conta da aplicación orzamentaria 171.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanöe, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sétimo:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña. Expediente : 2020/C003/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 28/11/2018 elabórase polo enxeñeiro de Camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, o proxecto denominado “Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros”, cun orzamento base de licitación de 46.412,71 € sen IVE, 56.159,38 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 25 de novembro de 2019 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a actuación prevista atópase no ámbito de afección da estrada DP-1703, polo que deberá obterse autorización previa da Deputación Provincial da Coruña.

Con data do 12 de marzo de 2019 recíbese no Concello de Cambre a autorización para execución da obra, remitida polo Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 16 de decembro de 2019. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2020 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 25 de outubro de 2019 e publicadas no

BOP núm. 208, do 31 de outubro de 2019. Mediante Resolución da Presidencia núm. 2020/23130, do 29 de xullo de 2020, considerouse definitivamente aprobado o plan.

Segundo consta na “Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, de data 30 de xuño de 2020, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Cómpre ter en conta que a Deputación Provincial da Coruña aprobou novos pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e simplifícadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 27 de novembro de 2020, publicados no BOP núm. 207, do 3 de decembro de 2020.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros	56.159,38 €	0,00 €	56.159,38 €

Consta a acta de replanteo asinada polo enxeñeiro de Camiños municipal con data 14 de setembro de 2020.

Consta documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data do 13/ 02/2021 , con cargo á aplicación 454.61900, por importe de 56.159,38 euros.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 27 de agosto de 2020, modificado posteriormente con data 10 de febreiro de 2021 polo enxeñeiro de Camiños-Xefe da sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, de acordo co novo Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 27 de novembro de 2020 (BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020).

Consta a providencia de data 19 de febreiro de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria e o interventor municipais con data de 19 de febreiro de 2021 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende basicamente acondicionar os camiños municipais 360 (San Lourenzo a A Torre) 361 (San Lourenzo ao



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Pinar) e 110 (Barreiros), pavimentados en terra, e nos que se produce menoscabo polo seu uso natural, eliminando a vexetación mediante roza, e procedendo ao reperfilado das gabias de terra e acabado superficial con zahorra artificial, polo que o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ("o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) infraestrutura viaria..."), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/85, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C003/000003, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración : oferta económica), correspondente a:

- Obxecto do contrato: "Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo cara ao Pinar e cara á Torre e Barreiros", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña
- Orzamento base de licitación: 56.159,38 euros IVE incluído
- Valor estimado: 51.053,98 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto): 4 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP do 31/10/2019, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 56.159,38 €, IVE incluído, por conta da aplicación orzamentaria 454.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

- Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .
- Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.



O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal- xefe da Sección de Servizos don Óscar Souto Muiño, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sétimo:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia